

**Datos do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - SPV	
Número expediente:	Documento:
CON/2024/22	CON18I020G
5D5W 120Z 2X1A 2V3G 02TJ	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Xefe do Servizo de Contratación, en data 28 de xuño de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“Expediente CON/2024/22: Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Avenida do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)

Asunto: proposta de incoación do expediente

En relación ao expediente sinalado no encabezado, emítese informe-proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Por este xefe de Servizo de Contratación emitíuse, en data 26 de xuño de 2024, unha memoria xustificativa para proceder á contratación da obra denominada “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Avenida do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)”.

Constan igualmente no expediente o proxecto de execución da obra, así como o informe de supervisión e o acordo de aprobación daquel.

Resultan de aplicación, a efectos de iniciarse o expediente encamiñado á adxudicación das obras, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Prescribe o art. 116.1 LCSP:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

Dispón o art. 28.1, ao que se remite o precitado art. 116:

As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na

documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

Na memoria referida nos antecedentes deste informe, consta a xustificación da necesidade de proceder a contratación:

Dada a carga de tráfico e actividade no Pol. Da Gándara, é necesario a ordenación dos aparcamentos, accesos a industriais e comercios, mellora da seguridade e accesibilidade dos usuarios, e adaptación de pluviais e recolocación de iluminación, adaptando as seccións dos viais de forma que se aproveite mellor o espazo e favoreza a seguridade, deseñando unha sección para a Av. do Mar a sección será: 3,40 m. de carril, 4,50 m. para estacionamento en batería, e 3 m. para beirarrúa.

Así como a idoneidade do obxecto e o seu contido para satisfacer ditas necesidades. Resumidamente:

As obras que se proxectan na Av. do Mar afectan ao tramo comprendido entre a rotonda de R/ Pavillón cara a Lóngaras (de 210 m.), actualmente con carril de 6,40 m. de ancho con aparcamento en liña e unha beiravía peonil de 4,50 m. repartido entre beirarrúa e céspede, igualmente moi deteriorado, practicamente apropiado para accesos ás instalacións.

Inclúese nesta actuación a reparación da rodadura do vial transversal final do polígono, (traveso de Lóngaras) de 125 m. de longo por 10 m. de ancho, sen beirarrúas, moi deteriorado polas canalizacións das instalacións executadas posteriormente, cheo de blandóns e fochas.

Consta no expediente o proxecto de obras denominado "Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en av. do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)", promovido por este Concello e elaborado polo Arquitecto Técnico Don José M. Saavedra Pantín (nº de colexiación 978 COAAT AC), en data 15 de febreiro de 2024, da empresa Urbe Ingenia S.L.

O proxecto define con precisión o conxunto de actuacións que han satisfacer as necesidades apuntadas con anterioridade.

O obxectivo que persegue o presente proxecto consiste basicamente na ordenación dos aparcamentos, accesos a industriais e comercios, mellora da seguridade e accesibilidade dos usuarios, adaptación de pluviais e recolocación de iluminación, adaptando as seccións dos viais de forma que se aproveite mellor o espazo e favoreza a seguridade.

E, igualmente, o procedemento a utilizar para a selección do adxudicatario (neste caso, o aberto simplificado, por cumprirse os requisitos establecidos ao efecto no art. 159 LCSP).

Á vista do anterior e téndose por motivada a necesidade do contrato de acordo co art. 116 LCSP, corresponde ao órgano de contratación a incoación do correspondente expediente. Dito órgano de contratación resulta ser a Alcaldía-Presidencia, de acordo co valor estimado detallado na memoria xustificativa (87.624,04 €), en relación coa D.A. 2.1 LCSP.

Por outra banda, sinala o art. 116.4.g) LCSP, que no expediente xustificárase adecuadamente:

A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.

Corresponde, polo tanto, ao órgano de contratación, a adopción de dita decisión, no seu caso. Na memoria xustificativa propónse a non división en lotes, polos seguintes motivos:

Se ben a LCSP establece a norma xeral da división en lotes do contrato, enténdese nesta obra que, pola súa natureza, non é aconsellable a realización independente de cada unha das súas partes.

Sinala a este respecto o Técnico redactor, no seu informe de 15 de xuño de 2024:

“Se hace mención expresa que las obras incluidas en el presente Proyecto “REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DO PAZO E DA PORTELA”, por su naturaleza, situación y desarrollo, al tratarse de la limpieza, saneo , demolición de aceras y tramos de calzadas, y nueva pavimentación de aceras y calzada, en viales contiguos, se considera una sola obra, sin posibilidad de división, por lo que se considera una inversión completa, en el sentido de ser suceptible de entrega al uso público, ya que este proyecto constituye una unidad única a efectos de contratación, sin posibilidad de división en lotes, respecto a lo dispuesto en el art. 99.3 de la ley 9/2017, relativo a la división y adjudicación en lotes.”

Propónse en consecuencia, ao órgano de contratación, a non división en lotes do contrato, ao abeiro do art. 99.3.b) LCSP:

O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Por último, cabe resinar que o acordo de incoación do expediente debe ser publicado (art. 116.1 *in fine* LCSP), e que o expediente debe completarse cos restantes documentos preceptivos (entre eles, os pregos, o certificado de existencia de crédito e os informes de fiscalización e da Secretaría Xeral aos que se refiren a D.A. 3.3 e 3.8), sen prexuízo de que sexan incorporados cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente dito expediente.

Por todo o anterior e en virtude do art. 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, este Xefe do Servizo de Contratación eleva á Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Incoar o expediente de contratación das obras denominadas “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Avenida do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)”.

SEGUNDO: Ordenar ao Servizo de Contratación a elaboración dos Pregos de Cláusulas Administrativas e cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente dito expediente; á Secretaría Xeral a emisión dun informe previo á aprobación do expediente; á Intervención Xeral a certificación de existencia de crédito e informe sobre a porcentaxe



que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios, así como a fiscalización previa á aprobación do expediente.

TERCEIRO: Non dividir en lotes este contrato, de acordo co sinalado nos fundamentos de dereito que anteceden esta proposta.

CUARTO: Publicar este acordo no perfil do contratante do Concello.”

Visto este informe, e en virtude das competencias atribuídas pola D.A. 2.1 LCSP, esta Alcaldía-Presidencia

RESOLVE

PRIMEIRO: Incoar o expediente de contratación das obras denominadas “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Avenida do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)”.

SEGUNDO: Ordenar ao Servizo de Contratación a elaboración dos Pregos de Cláusulas Administrativas e cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente dito expediente; á Secretaría Xeral a emisión dun informe previo á aprobación do expediente; á Intervención Xeral a certificación de existencia de crédito e informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios, así como a fiscalización previa á aprobación do expediente.

TERCEIRO: Non dividir en lotes este contrato, de acordo co sinalado nos fundamentos de dereito que anteceden esta proposta.

CUARTO: Publicar este acordo no perfil do contratante do Concello

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*